



Director:
Iago J. Corral López

Estimadas familias:

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de elección de membros escolares de centros dicentes sostidos con fondos públicos (DOG 18.09.2024) damos comezo as eleccións para a renovación do Consello Escolar.

O Consello Escolar segundo o Decreto 374/1996 do 17 de outubro no seu artigo 37 é o órgano a través do cal participan na súa xestión – do centro escolar – os distintos membros da comunidade escolar.

Este ano 2024 toca renovación parcial no sector de mestres e sector de nais e pais, polo tanto téñense que renovar dous membros do sector das familias. Animámosvos a presentarvos.

Dende hoxe quedarán expostos dez días no Portal Norte do Centro o censo das familias que poden votar, abrindo un período de reclamacións a dito censo. Esta acción dará comezo ao proceso, que seguirá – mañá – co sorteo dos membros da Xunta Electoral. Dito sorteo farase de xeito público mañá, día 22 de outubro, as 14:00.

Iremos avisando a través de circulares e abalar das diferentes fases do proceso. Dende o mesmo sorteo ata a apertura de prazo de presentación de candidaturas.

Saúdos.